



Guía Docente						
Datos Identificativos				2012/13		
Asignatura (*)	Literatura Poscolonial		Código	613G03026		
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6		
Idioma	Inglés					
Prerrequisitos						
Departamento	Filoloxía Inglesa					
Coordinación	Simal Gonzalez, Begoña	Correo electrónico	begona.simal@udc.es			
Profesorado	Simal Gonzalez, Begoña	Correo electrónico	begona.simal@udc.es			
Web						
Descripción xeral	Estudo das principais etapas, autores/as e obras da literatura en lingua inglesa escrita en África, América, Asia e Oceanía. Introducción socio-histórica ao mundo colonial e poscolonial no ámbito anglófono. Estudo das claves teóricas da crítica poscolonial do século XX e das novas escolas críticas (Diaspora Studies, literatura transnacional, etc.).					

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa.
A17	Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe				
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)				Competencias da titulación
Coñecer as literaturas en lingua inglesa dos países de África, América, Asia e Oceanía.				A7 B5 C2 A16 B8 C4

Coñecer o contexto socio-histórico e cultural das comunidades anglófonas de fóra de Europa, con especial atención á súa relación cos textos literarios da materia.	A16	B1	C2
	A17	B5	C4
		B7	
		B8	
Coñecer e aplicar os métodos de análise literaria, prestando especial atención ao enfoque da teoría e crítica poscoloniais.	A1	B1	C2
	A2	B2	C4
	A3	B3	C6
	A11	B6	C7
	A15	B7	
		B8	
Elaborar documentos escritos, maioritariamente ensaios e comentarios de texto en lingua inglesa, e levar a cabo exposicións e intervencións en lingua inglesa, con corrección e coherencia.	A6	B1	C2
	A9	B3	
		B5	
		B7	
		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Colonial and postcolonial countries: history and theory.	1.1. Colonial and postcolonial anglophone countries: a socio-historical introduction. 1.2. Key concepts in postcolonial criticism and theory: national, cultural and linguistic identities.
2. Postcolonial literatures in English	2.1. Postcolonial literatures in Africa: Achebe and other authors. 2.2. Postcolonial literatures in America: Atwood and other authors. 2.3. Postcolonial literatures in Oceania: Lawson and other authors. 2.4. Postcolonial literatures in Asia: Rushdie and other authors.
3. Towards transnational and diaspora studies	3.1. Key concepts in transnational and diaspora studies 3.2. Transnational and diaspora literature

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	3	42	45
Análise de fontes documentais	12	24	36
Sesión maxistral	6	0	6
Discusión dirixida	12	12	24
Proba de ensaio	8	24	32
Solución de problemas	1	1	2
Atención personalizada	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Lecturas	Para unha materia de literatura resulta esencial que cada estudiante se responsabilice de ter feitas as lecturas asignadas para cada día antes de entrar na aula. Cada estudiante deberá levar a cabo a lectura das fontes primarias (textos literarios), maioritariamente, e tamén, en menor medida, de fontes secundarias de extensión reducida. Só se levarán a cabo lecturas en clase cando se trate de textos breves. O calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia, pero as/os estudiantes poden (e deben) adquirir e ler os textos longos de obrigada lectura (dous novelas) que aparecen no apartado de FONTES DE INFORMACIÓN.



Análise de fontes documentais	Este tipo de metodoloxía corresponde ao comentario ou análise textual, neste caso da narrativa ou poema que se está a estudar en cada tema, e será a metodoloxía más utilizada nas aulas de docencia interactiva (DI), co grupo intermedio, xunto coa discusión dirixida. Algunxs destes exercicios, elaborados e redactados en clase, neste caso nomeadamente nas clases co grupo grande (DE) serán recollidos pola profesora e computarán a efectos de avaliación. Nos seminarios cos grupos pequenos (TGR) se procederá a explicar os erros e dúbidas máis relevantes dos exercicios recollidos en clase. Tamén se levarán a cabo análises textuais nas probas finais, nas datas oficiais de exames (xuño e xullo).
Sesión maxistral	Neste tipo de sesiós a docente explicará o contexto socio-histórico e cultural no que se inscriben os textos a analizar, se explorarán os conceptos teóricos más relevantes nos estudos poscoloniais e se proporcionarán pautas de análise textual. As sesiós maxistrais levaranse a cabo nas clases co grupo grande, correspondentes á docencia expositiva (DE).
Discusión dirixida	Nesta actividade, partindo dos textos e das explicacións da docente, se animará ao alumnado a participar por medio de preguntas ou temas de debate. Esta discusión dirixida pode complementar as sesiós maxistrais nas clases de grupo grande (DE) ou ben a análise de fontes documentais na docencia interactiva (DI) do grupo intermedio.
Proba de ensaio	Estas probas inclúen tanto exercicios de clase como probas finais. Consisten na elaboración de ensaios breves en resposta a preguntas teórico-prácticas (essay questions). A meirande parte destes exercicios levaranse a cabo en clase (previsiblemente no horario correspondente ao grupo completo), se recollerán e computarán a efectos de avaliación. Nos seminarios cos grupos pequenos (TGR) se procederá a explicar os erros e dúbidas máis relevantes dos exercicios recollidos en clase. Tamén se levarán a cabo probas de ensaio nas datas oficiais de exames (xuño e xullo).
Solución de problemas	Este tipo de metodoloxía atenderá tanto ás dúbidas que xurdan das lecturas, debates, análises e probas. Estes problemas atenderanse nas titorías de grupo reducido (TGR) ou en titorías más individualizadas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Solución de problemas	Como corresponde ao tipo de avaliação continua que caracteriza a esta materia, cada estudiante ou grupo reducido de estudiantes precisará dunha orientación persoalizada, nomeadamente no que se refire á comprensión dos textos e conceptos, e no que atinxé á súa participación en clase e á elaboración de exercicios escritos. A devandita orientación se desenvolverá ben nas TGR (Titorías de Grupo Reducido), ben nas titorías semanais, onde tamén se atenderán dúbidas e problemas puntuais.

Avaliación

Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Discusión dirixida	A discusión dirixida levarase a cabo en sesiós presenciais de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase a participación activa de cada estudiante no debate ou discusión, ademáis da calidade do resultado. En concreto, o 30% asignado a este apartado divídese en 20% para actividades individuais e grupais desenvolvidas fundamentalmente na clase e 10% para a actitude colaborativa e participativa amosada durante a clase. Aquel(a) estudiante que non participe dabondo nas actividades orais ao longo do curso terá que superar probas orais en xuño e/ou xullo (vid. observacións).	30
Proba de ensaio	Ademáis de ter realizado as lecturas e de ter atendido ás explicacións do/da docente, neste tipo de actividade o/a estudiante amosará o seu grao de comprensión e aproveitamento das devanditas explicacións e lecturas. Na avaliação destas probas escritas, tanto nas recollidas como exercicios de clase ao longo do curso como nas correspondentes aos exames finais (xuño e xullo), terase en conta especialmente a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados ou os conceptos baixo estudo. Tamén se valorarán as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión escrita.	35
Análise de fontes documentais	Neste tipo de actividade o/a estudiante amosará o seu grao de comprensión e aproveitamento das lecturas recomendadas, por medio do comentario e análise textual. Terase especialmente en conta a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados. Tamén se avaliarán as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión escrita en lingua inglesa.	35

Observacións avaliación



Para superar a materia, a suma das distintas probas, traballos e demás actividades avaliables terá que superar o 5 sobre 10. As probas escritas incluirán os comentarios de texto e probas de ensaio feitas ao longo do cuadrimestre, ademáis dunha proba final (análise textual, preguntas, ensaio) de maior peso na oportunidade de xuño. Para realizar a suma dos distintos aspectos avaliables, o/a estudiante deberá acadar alomenos 4 sobre 10 en cada un dos tres apartados de avaliação (40% exercicios escritos ao longo do curso, 30% das probas finais, 30% de actividades e participación). So as/os estudiantes que tiveran realizado alomenos un 50% da avaliação continua poderán presentarse ás probas finais de xuño; as/os demáis terán que realizar esas probas en xullo.

ESTUDANTES CON DISPENSA: Para complementar ás probas de xuño, as/os estudiantes con dispensa terán dereito a realizar probas escritas semellantes ás realizadas no longo do curso (40%) e terán unha entrevista oral individual coa profesora en sustitución das discusión dirixidas e outras actividades orais (30%). En calquera caso, a/o estudiante que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso para planificar os axustes necesarios no proceso de aprendizaxe-avaliación.

CUALIFICACIÓN DE "NON PRESENTADO": Aquel(a) alumno/a que non se presente á proba de xuño ou na oportunidade de xullo acadará a cualificación de NP so cando non tivera feito máis do 50% das actividades durante o curso.

AVALIACIÓN XULLO: Os/as estudiantes que non teñan acadado un 4 en cada unha en cada un dos tres apartados de avaliação (exercicios escritos ao longo do curso, participación e actividades orais, probas finais de xuño), aínda que a nota media sexa superior a 5, terán que ir á oportunidade de xullo, na que cada estudiante terá que demostrar ter acadadas as competencias da materia mediante a superación de probas escritas semellantes ás realizadas no longo do curso (análise textual e ensaio), probas finais segundo o modelo das probas de xuño, e mais unha entrevista ou actividade oral en sustitución das discusión dirixidas, participación en clase e outras actividades.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Achebe, Chinua (1958). <i>Things Fall Apart</i>.- Lawson, Henry (1892). "The Drover's Wife";- Rushdie, Salman (1980). <i>Midnight's Children</i>.- King, Thomas (). Selección de relatos.- Divakaruni, Chitra (). Selección de relatos.- Desai, Anita (). Selección de relatos.- Bobis, Merlinda (). Selección de relatos.- Atwood, Margaret (). Selección de relatos e poemas.- VVAA (). Selección de relatos e poemas.
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- () .- Boehmer, Elleke (1995/2005). <i>Colonial and Postcolonial Literature</i>. Oxford UP- Keown, Michelle; David Murphy and James Procter, eds. (2009). <i>Comparing Postcolonial Diaspora</i>. Macmillan- Childs, Peter, and Patrick Williams (1997). <i>Introduction to Post-Colonial Theory</i>. Prentice- Wisker, Gina (2007). <i>Key Concepts in Postcolonial Literature</i>. Macmillan- Ashcroft, B., G. Griffiths and H. Tiffin (2007). <i>Postcolonial Studies: The Key Concepts</i>. Routledge- Lane, Richard (2011). <i>Routledge Concise History of Canadian Literature</i>. Routledge- Patke, Rajeev and Philip Holden (2009). <i>Routledge Concise History of Southeast Asian Writing in English</i>. Routledge- Booker, M. K. (1998). <i>The African Novel in English. An Introduction</i>. Heinemann- Ashcroft, B., G. Griffiths and H. Tiffin (1989/2002). <i>The Empire Writes Back. Theory and Practice in Post-Colonial Literatures</i>. 2nd ed. Routledge

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

Traballo Fin de Grao/613G03041

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

Materias que continúan o temario



Introdución aos Estudos Literarios/613G03005

Literatura Inglesa 1/613G03010

Literatura Inglesa 2/613G03017

Lingua Inglesa 4/613G03019

Lingua Inglesa e os seus Usos 1/613G03020

Cultura e Civilización dos Países de Fala Inglesa/613G03022

Observacións

Aínda que o calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia, a docente recomenda encarecidamente ás-aos estudantes que comecen ler os textos longos de obrigada lectura (as novelas de Achebe e Rushdie) antes do comezo da materia. Existen varias copias destes dous libros nas bibliotecas da UDC, e tamén se poden atopar ou reservar ambas novelas en librerías por estaren publicadas en editoriais de ampla difusión.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías